

**PACTO SOBRE SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL NO
ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ENTIDADES PÚBLICAS
ADSCRITAS Á CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ESTRUTURA DO DOCUMENTO DE TRABALLO (xuntanza 27/04/2010)

- **NORMAS XERAIS DO PACTO**
 - o Obxecto
 - o Ámbito de aplicación
 - o Vixencia e denuncia
 - o Réxime transitorio
 - o Seguimento

- **SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**
 - o **NORMAS XERAIS**
 - Requisitos das persoas aspirantes
 - Comúns
 - Específicos para promoción interna
 - Quendas de acceso e ámbito de dispoñibilidade
 - Orde de prelación das persoas aspirantes na lista
 - Procedemento de elaboración de listas
 - Inscripción en listas
 - Actualización de méritos
 - Xeración e publicación de listas
 - Acreditación de requisitos e méritos
 - Modificación de ámbitos e datos persoais
 - Novas categorías e reordenación
 - Baixa automática do persoal estatutario fixo
 - o **DISPOSICIÓNS ESPECIAIS**
 - Áreas especiais
 - Curta Duración

*** Pendente para vindeiras xuntanzas do Grupo de Traballo:*

- Xestión de chamamentos.
- Suspensións e penalizacións.
- Baremos e compatibilidade de listas

PACTO SOBRE SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ENTIDADES PÚBLICAS ADSCRITAS Á CONSELLERÍA DE SANIDADE

En Santiago de Compostela o ... de ... de 2010, no marco da mesa sectorial de negociación do persoal de institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, de conformidade coas facultades conferidas no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde e no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como das competencias outorgadas á referida mesa sectorial polo acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais da mesa xeral, subscríbese o presente pacto de selección de persoal estatutario temporal no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, co contido que a seguir se expón:

I. NORMAS XERAIS

1. Obxecto

1.1.- O presente Pacto establece e regula o procedemento de selección, a través de listas elaboradas consonte a baremo, das persoas aspirantes a nomeamentos estatutarios temporais no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade.

2. Ámbito de aplicación do Pacto

2.1.- O presente Pacto aplicarase a todos os nomeamentos temporais que resulte necesario formalizar nas diversas categorías estatutarias no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, baixo as modalidades establecidas no artigo 9 da Lei 55/2003, do 16 de decembro

2.2.- A selección temporal de persoal licenciado sanitario efectuarase por listas, conforme a baremo, nas categorías de pediatra de atención primaria, médico/a de familia, farmacéutico/a de atención primaria, odontólogo/a, técnico/a de

saúde, médico/a de urxencias hospitalarias, médico/a especialista en medicina do traballo e psicólogo/a clínico/a.

A selección por listas noutras categorías de persoal licenciado sanitario distintas ás indicadas no parágrafo anterior, requirirá do acordo da Comisión Central de Seguimento do Pacto.

3. Vixencia e denuncia do Pacto

3.1.- O presente Pacto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3.2.- A súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2014, prorrogándose automaticamente por sucesivos períodos de un ano, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses ao remate de cada ano natural.

De existir denuncia da vixencia deste pacto, prorrogarase a súa efectividade ata a formalización do novo pacto ou norma que o substitúa, tras a negociación correspondente.

4. Réxime transitorio

4.1.- En tanto non se publiquen as listas de persoas aspirantes seleccionadas en aplicación dos criterios contidos no presente Pacto, serán de aplicación respecto de cada categoría e para os chamamentos que resulte necesario efectuar, as últimas listaxes confeccionadas en desenvolvemento do Pacto do 24 de maio de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* do 1 de xuño de 2004).

5. Seguimento do Pacto

5.1.- O seguimento do presente Pacto será efectuado por unha Comisión Central, con sede nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde e polas Comisións periféricas que se constitúan.

Ditas comisións estarán integradas por un/unha representante, titular e suplente, de cada unha das organizacións sindicais asinantes do Pacto e un número igual de representantes designados pola Administración Sanitaria.

5.2.- A Comisión Central de Seguimento terá as seguintes competencias:

- Unificar e establecer os criterios de actuación e interpretación do presente pacto.
- Fixar os criterios xerais de validación dos méritos das persoas aspirantes.
- Resolver en única instancia, sen prexuízo dos recursos que procedan, as incidencias e controversias de afectación xeral que deriven da aplicación do pacto.
- As demais explicitamente recoñecidas neste pacto.

5.3.- As Comisións Périéricas de Seguimento asumirán as seguintes competencias:

- Coñecerán en única instancia, sen prexuízo dos recursos que procedan, de todas as incidencias e reclamacións que se produzan no procedemento de selección de persoal estatutario temporal do seu respectivo ámbito, formulando as oportunas propostas de resolución, vinculantes ás direccións ou xerencias de área para o seu traslado, de ser o caso, ás persoas interesadas.
- Exercerán o control da execución dos chamamentos das persoas aspirantes en todo o seu ámbito.
- Controlarán o proceso de validación dos méritos achegados polas persoas aspirantes ao tempo de formalizar o primeiro nomeamento no que se incorporen aqueles, coidando de que tal validación se efectúe conforme ao presente Pacto.
- As demais explicitamente recoñecidas no presente Pacto.

5.4.- A presidencia das Comisións corresponderalle a un dos membros designados pola Administración, actuando como secretario/a destas, con voz e voto, outro dos seus representantes. Nas votacións que se realicen, o voto do/a presidente/a será dirimente no caso de empate.

5.5.- As comisións de seguimento reuniranse, con carácter ordinario, unha vez ao trimestre a comisión central, e unha vez ao mes as periféricas. Así mesmo, reuniranse con carácter extraordinario tantas veces sexan convocadas pola presidencia ou logo da proposta de, cando menos, a terceira parte dos seus integrantes.

5.6.- As comisións poderán elaborar o seu regulamento de funcionamento interno, que se axustará en todo caso ao establecido no Título II, Capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II.- SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

II.1 NORMAS XERAIS

1.- Requisitos das persoas aspirantes

Poderán inscribirse nas listas que se elaboren en aplicación do presente Pacto as persoas interesadas que, na data de presentación da solicitude de inclusión en lista, reúnan os seguintes requisitos:

1.1.- Requisitos comúns:

a.- Nacionalidade

a.1) Ter a nacionalidade española

a.2) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos Tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe dos/as españois e dos/as nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e dos/as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados

Comentario [CS-SGS1]:
No apartado do Pacto relativo á **xestión de chamamentos** incluírase a seguinte regulación:
“A persoa interesada deberá manter tales requisitos no momento de formalización do nomeamento que se expida”

por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da devandita idade dependentes.

b.- **Idade:** Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c.- **Capacidade funcional:** Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.

d.- **Habilitación:** Non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin no seu caso para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores.

e.- **Titulación:** Posuír a titulación que, segundo se fai constar no modelo de instancia, habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela antes da data de xeración de listas prevista no apartado 4.3, sen prexuízo do establecido a continuación para a quenda de promoción interna.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f.- **Aboamento das taxas** por dereito de inscrición que, no seu caso, correspondan.

1.2.- Promoción interna: As persoas aspirantes que accedan pola quenda de promoción interna deberán reunir, ademais dos requisitos indicados no apartado 1.1, os seguintes requisitos:

1.2.1.- Ostentar a condición de persoal estatutario fixo nunha categoría/especialidade de nivel académico igual ou inferior á que se opta.

1.2.2.- Estar en servizo activo e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría/especialidade de procedencia.

Ao persoal integrado no réxime estatutario seralle computado, para os efectos do prazo dos dous anos, o tempo de servizos prestado como funcionario de carreira ou laboral fixo.

1.2.3.- Posuír a titulación requirida

De conformidade co previsto no artigo 34.5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, non se esixirá o requisito de titulación para o acceso ás categorías do artigo 7.2.b) da citada lei, agás que sexa necesaria unha titulación, acreditación ou habilitación profesional específica para o desempeño das novas funcións, sempre que o interesado prestase servizos durante cinco anos na categoría de orixe e teña a titulación esixida no grupo inmediatamente inferior á categoría a que opta.

1.3.- Non serán admitidas as solicitudes das persoas que fosen excluídas das listas confeccionadas en aplicación dos pactos do 1 de abril de 1993 (DOG do 13 de abril), do 27 de abril de 1994 (DOG do 12 de maio), do 21 de decembro de 1995 (DOG do 19 de xaneiro), do 28 de febreiro de 1997 (DOG do 10 de marzo), do 4 de febreiro de 2000 (DOG do 25 de febreiro) e do 24 de maio de 2004 (DOG do 1 de xuño) polas causas de penalización previstas nos citados pactos, agás que dispoñan de autorización expresa para reincorporarse ás listas.

2.- Quendas de acceso e ámbito de dispoñibilidade

2.1.- A selección de persoal estatutario temporal efectuarase a través dunha única lista por categoría e ámbito territorial de dispoñibilidade, coa diferenciación de dúas quendas de acceso: libre e promoción interna.

2.2.- As listas elaboraranse, en ambas quendas de acceso, por categoría profesional e ámbito territorial de área sanitaria, agás nos supostos de persoal de xestión e servizos dos grupos A1 e A2 e persoal informático pertencente ao grupo C1 que, previo acordo da Comisión Central de Seguimento, poderán ser de ámbito **distinto**.

Integrarán cada área sanitaria, aos efectos do presente Pacto, os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade con ubicación no referido ámbito territorial.

Comentario [CS-SGS2]:
No apartado do Pacto relativo á **xestión de chamamentos**, incluírase a seguinte previsión:
“En promoción interna e listas de ámbito autonómico, a renuncia a un chamamento fóra da localidade ou provincia de residencia da persoa aspirante, respectivamente, non dará lugar a penalización (cando menos, nun primeiro chamamento).”

3.- Orde de prelación das persoas aspirantes na lista

3.1.- A orde de prelación das persoas aspirantes na lista, en cada unha das quendas de acceso, vén determinada pola puntuación que resulte da aplicación dun baremo que tomará en conta a valoración dos seguintes méritos e na seguinte ponderación:

3.1.1- A suma das cualificacións obtidas pola persoa aspirante en cada un dos exercicios da fase de oposición nos que tivese participado na última OPE convocada polo Servizo Galego de Saúde na categoría á que se opta, con independencia da superación ou non dos mesmos. A puntuación máxima acadable por este concepto será do 60% da puntuación total do baremo.

3.1.2- A experiencia profesional e formación acreditada da persoa aspirante de acordo co baremo utilizado na última convocatoria de selección de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría correspondente. A puntuación máxima acadable por este concepto será do 40% da puntuación total do baremo.

3.1.3- A puntuación máxima acadable no apartado de experiencia profesional será a que resulte de engadir á puntuación máxima prevista para tal

concepto nos procedementos de selección de persoal estatutario fixo a puntuación máxima asignada ao epígrafe de *outras actividades*, no baremo OPE.

3.2.- Os empates de puntuación que se puidesen producir resolveranse a favor da persoa aspirante que tendo participado no último proceso selectivo de persoal estatutario fixo convocado polo Servizo Galego de Saúde acadase a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa que acredite maior experiencia profesional e, en último lugar, aplicarase o criterio da maior idade.

3.3.- A Administración de oficio, en calquera momento, poderá rectificar a puntuación asignada a un aspirante e, no seu caso, a orde de prelación na lista, nos supostos en que se constate, da documentación que integra o expediente, a indebida valoración dalgún/s mérito/s ou calquera outro erro.

4.- Procedemento de elaboración de listas

As listas de selección de persoal estatutario temporal reguladas no presente Pacto terán carácter aberto e serán de elaboración periódica anual.

A inscrición das persoas aspirantes nas listas así como o procedemento de elaboración das mesmas efectuarase a través do sistema informático (*expedient-e profesional*), ao que se poderá acceder a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde.

4.1.- Inscrición en listas.-

4.1.1 Instancia de participación.- As persoas interesadas en formar parte das listas deberán solicitar a inscrición nas mesmas no modelo de instancia e autobaremación do currículo, que estarán á súa disposición, ambos, na páxina web do Servizo Galego de Saúde.

Na inscrición farase constar expresamente a categoría/s á/s que opta e ámbito territorial de dispoñibilidade.

Con carácter xeral, cada persoa aspirante non poderá solicitar máis dunha categoría e ámbito territorial.

Admitirase a inscrición en máis dunha categoría cando as solicitadas pertencen ao mesmo ámbito funcional, nos termos que se recollen no Anexo II do presente **Pacto**.

Comentario [CS-SGS3]:
Pendente o desenvolvemento dun catálogo de categorías compatibles.

4.1.2 Tempo.- As persoas aspirantes poderán presentar a solicitude de inscrición en listas en calquera momento, sen suxeición a prazo. En cada xeración de listas que se efectúe incluíranse as solicitudes que consten presentadas ata o día inmediatamente anterior á data prevista no apartado 4.3.

4.1.3 Lugar.- A solicitude de inscrición en listas e autobaremación do currículo presentarase a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde

Nos diversos centros de xestión do organismo facilitarase ás persoas interesadas a información e apoio administrativo necesarios para a presentación da solicitude.

4.2.- Actualización de méritos

As persoas que xa figuren inscritas como aspirantes a nomeamentos temporais nalgunha lista elaborada con base no presente Pacto poderán actualizar os seus méritos, a medida que estes se vaian causando. Tal actualización efectuarase a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde.

O/s novo/s mérito/s incluíranse na primeira xeración de listas que se efectúe, seguinte á inclusión de tal/es mérito/s.

4.3.- Xeración e publicación de listas

4.3.1.- Con carácter xeral, as listas xeraranse a data 31 de outubro de cada ano.

Ao remate de cada proceso selectivo de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* do nomeamento das persoas aspirantes seleccionadas, efectuarase unha nova xeración de listas, sempre que medie un período mínimo de tres meses entre a data de

finalización do proceso selectivo e a data de xeración de listas prevista no parágrafo anterior. De mediar un prazo inferior, efectuarase unha única xeración de listas que incorporará os resultados de OPE.

Coa información obrante, na data de xeración, no sistema informático *expedient-e profesional*, elaboraranse e publicaranse na páxina web do Servizo Galego de Saúde as listas de aspirantes a nomeamentos temporais nas diversas categorías estatutarias.

A Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde anunciará no Diario Oficial de Galicia así como na páxina web do organismo a publicación das listas e a súa data de efectos, manténdose vixentes ata dita data as listas inmediatamente anteriores.

4.3.2.- Co obxecto de garantir a dispoñibilidade de profesionais nas diversas categorías mediante a incorporación de novos titulados e doutros profesionais, particularmente nas categorías de médico/a de familia, médico/a de urxencias hospitalarias, pediatra, matró/a, DUE e cociñeiros/as; a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, previo tratamento na Comisión Central de Seguimento do Pacto, no suposto en que se detecte unha insuficiencia de persoas aspirantes nunha lista, poderá acordar a xeración da mesma cunha periodicidade distinta á prevista no apartado anterior.

4.4.- Acreditación de requisitos e méritos

A acreditación do cumprimento dos requisitos de admisibilidade e méritos consignados na solicitude de inscrición e/ou actualización de meritos efectuarase pola persoa interesada mediante a achega de documentos orixinais ou copias compulsadas, ante o órgano competente para efectuar o/s chamamento/s e con carácter previo á xeración das listas.

Verificada a citada documentación por dito órgano, procederase á validación, no *sistema informático expedient-e profesional*, dos requisitos e méritos da persoa aspirante que consten acreditados.

Non será necesaria a acreditación dos requisitos e méritos cuxo cumprimento conste nesta Administración e aparezan validados no citado sistema informático.

A falta de acreditación pola persoa interesada do cumprimento dos requisitos de admisibilidade e méritos consignados na solicitude de inscrición ou de actualización de méritos, na forma exposta, así como a consignación de datos falsos na mesma, dará lugar á exclusión da persoa aspirante da lista na que figure inscrita.

4.5.- Modificación de ámbitos e datos persoais

As persoas inscritas nas listas que desexen cambiar de ámbito territorial, ou modificar os seus datos persoais poderán facelo a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde nos seguintes períodos:

4.5.1.- Cambio de ámbito:

Regra xeral: A solicitude de cambio de área poderá efectuarse en calquera momento, surtindo efecto na xestión das listas na primeira xeración que se produza a partir da citada data.

Particularmente, o persoal estatutario fixo incluído nunha lista de promoción interna temporal que se incorpore a un novo destino con ocasión dun concurso de traslados ou dun proceso selectivo a través da quenda de promoción interna, poderá solicitar a súa inclusión nas listas de promoción temporal da área de destino, durante o prazo previsto para a toma de posesión; inclusión que surtirá efecto a partir da primeira rexeneración de listas que teña lugar. De non solicitar o cambio de área no prazo indicado, o profesional será dado de baixa automaticamente na lista na que figuraba inscrito.

4.5.2.- Modificación de datos persoais: A modificación de datos persoais poderá efectuarse en calquera momento, producindo efectos na xestión das listas desde o día seguinte á data de **modificación**.

Comentario [CS-SGS4]:
Pendente de confirmar a data de efectos pola Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

4.6.- Novas categorías e reordenación

4.6.1.- No suposto de creación dunha categoría de persoal estatutario, a selección de persoas aspirantes a nomeamentos temporais na respectiva categoría axustarase ao réxime previsto no presente Pacto.

O baremo de aplicación será o previsto no apartado 3 coas adaptacións que, de ser o caso, resulte necesario introducir previa negociación das mesmas no seo da comisión central de seguimento do pacto.

4.6.2.- No suposto de reclasificacións profesionais que resulte necesario efectuar por mor de reordenacións organizativas e asistenciais acordadas ao abeiro das potestades de autoorganización recoñecidas á Administración Sanitaria preveranse, no seo da mesa sectorial, os mecanismos de adaptación nas listas de selección temporal das categorías e ámbitos afectados por dito proceso de reordenación, que de ser o caso resultasen necesarios.

4.7.- Baixa automática do persoal estatutario fixo

O persoal estatutario fixo de novo ingreso en virtude do remate dun proceso selectivo, será dado de baixa automaticamente como aspirante a nomeamentos temporais na categoría en que adquire a condición de persoal estatutario fixo, no momento en que se abra o prazo de toma de posesión da praza adxudicada.

II.2.- DISPOSICIÓNES ESPECIAIS

1.- Áreas especiais

A cobertura das necesidades de vinculación de persoal de enfermaría (DUE) nas áreas de UCI-Reanimación-Queimados, UCI pediátrica, quirófanos, hemodiálise, transplantes, hospital de día onco-hematolóxico, hospital de día onco-pediátrico, prematuros-neonatos, banco de sangue, urxencias hospitalarias e emerxencias sanitarias-061, así como de técnico especialista de anatomía patolóxica na área de citodiagnóstico e técnico en coidados auxiliares de enfermaría adscrito ás unidades de saúde mental efectuarase, con carácter preferente, por aquelas persoas aspirantes que ademais dos requisitos

previstos no apartado II.1.1, acrediten, nos termos esixidos no presente Pacto, unha experiencia profesional mínima de dous meses e /ou formación específica nas referidas áreas adquirida, nun mínimo de corenta horas, mediante a realización de cursos, debidamente acreditados, nos últimos tres anos.

A tal efecto, nas listas que se confeccionen das referidas categorías farase constar a relación de persoas aspirantes que cumpren tales requisitos.

A inclusión doutras áreas especiais distintas ás previstas no parágrafo primeiro requirirá o acordo da Comisión Central de Seguimento do Pacto.

2.- Nomeamentos de curta duración

BORRADOR